

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE FEBREIRO DE 2023

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00006464Y.

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanser as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 3 de febreiro de 2023.
- Ordinaria de data 6 de febreiro de 2023.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00046564C.

#### **Aceptar cesión de viario e licenza para a segregación en Lugar de Cortos, 7.**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 18/01/2023 outorgada ante Notario co número de protocolo 23. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de segregación presentado na data 17/10/2022., a segregación en Lugar Cortos 7, Santiago de Compostela, A Coruña, nas seguintes parcelas de resultado:

**PARCELA RESULTADO FINCA SEGREGADA.** Superficie Neta 1.001,00 m. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado, Calificado como Ordenanza 14 de extensión de Núcleo Rural.

**PARCELA RESULTADO FINCA 1077 MATRIZ.** Superficie Neta 2.691,00 ms. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado, Calificado como Ordenanza 14 de extensión de Núcleo Rural (Superficie Neta 1.280,00ms)

☑ Cesión 334,00m2s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00045318C.

#### **Licenza proxecto básico para construción vivenda unifamiliar na rúa Sergude, 2.**

Concédesse licenza para o proxecto básico presentado o 23/10/2021 e a documentación presentada o 08/03/2022 e o 13/04/2022, cun orzamento de execución material de 147.099,44 euros. O proxecto básico refírese á construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Sergude, 2 Santiago de Compostela (A Coruña)

### 4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00048920F.

#### **Licenza para a mellora da accesibilidade do edificio sito na Avda. Romero Donallo, 43-45.**

Acórdase:

Primeiro: Conceder á Comunidade de Propietarios Romero Donallo 43-45 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado o 02/11/2022, cun orzamento de execución material de 49.018,79 €, a mellora de accesibilidade do edificio situado na Rúa Romero Donallo, 43-45 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo: Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecta municipal de data 02/01/2023 solicitada pola Comunidade de Propietarios Romero Donallo 43-45 para a

mellora de accesibilidade do edificio situado na Rúa Romero Donallo, 43-45 Santiago de Compostela ( A Coruña).

Terceiro: Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

#### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00005783S.**

**Aceptar cesión de viario e licenza para a parcelación da finca sita no Lugar de Pousada Bando, 1.**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 30/11/2022 outorgada ante Notario co número de protocolo 3849. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 24/08/2021, a parcelación da finca sita no Lugar Pousada Bando 1, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado.

- **PARCELA RESULTADO Parcela 311-MATRIZ.** Superficie neta 811 m<sup>2</sup>s. Nesta parcela existe unha edificación destinada a vivenda e outros usos. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

- **PARCELA RESULTADO Parcela 311-1.** Superficie neta 605 m<sup>2</sup>s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

**PARCELA RESULTADO Parcela 311-2.** Superficie neta 605 m<sup>2</sup>s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

**PARCELA RESULTADO 311-3.** Superficie Bruta e Neta 4.042 m<sup>2</sup>s. Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, e Cualificado Ordenanza 19. De protección das Augas e Ordenanza 18 De protección infraestruturas.

Cesión 237,00m<sup>2</sup>s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

#### **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1658/2020.**

**Incoar procedemento de declaración de nulidade da licenza de obra de construción de edificación auxiliar para uso de almacén de aperos de labranza na finca sita na Rúa do Sandino, 5.**

Acórdase

Primeiro: Incoar procedemento de declaración de nulidade da licenza de obra de construción de edificación auxiliar para uso de almacén de aperos de labranza na finca sita na Rúa do Sandino, 5, por Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de data 20/04/2021 pola posible incursión no motivo expresado no artigo 47.1f) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Segundo: Dar trámite de audiencia aos interesados durante un prazo de dez días para que presenten documentos ou realicen as alegacións que estimen pertinentes.

#### **7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00020627G.**

**Licenza para eliminar barreiras no edificio de vivendas e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade Decreto 29/2010 no inmovible sito na Rúa Romero Donallo, 23.**

Acórdase:

Primeiro: Conceder á Comunidade de Propietarios Romero Donallo 23 licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 63.391,12 euros e conforme memoria de data de visado do 25/04/2022, a eliminación de barreras arquitectónicas no edificio de vivendas sito na Rúa Romero Donallo, 23 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo: Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe emitido da arquitecta municipal solicitada pola Comunidade de Propietarios Romero Donallo 23 para a eliminación de

barreras arquitectónicas no edificio de viviendas sito na Rúa Romero Donallo, 23 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro: Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

**8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00006366T.**

**Licenza de obras para a remodelación de vivenda familiar sita na rúa de Manuel Colmeiro, 2.**

Acórdase conceder licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 70.541,00 euros e conforme o proxecto técnico presentado na data 26/07/2022, obras de remodelación de vivenda familiar sita na rúa de Manuel Colmeiro, 2 Santiago de Compostela (A Coruña).

**9. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/2022/79.**

**Aprobación do proxecto “Repavimentación da Praza da Nosa Señora da Mercé de Conxo”.**

Acórdase aprobar o proxecto “Repavimentación da Praza da Nosa Señora da Mercé de Conxo.

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 83.671,73 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 99.569,35€ (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **120.478,93 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de DOUS (2) MESES.

**10. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/77/2022.**

**Aprobación do proxecto de rehabilitación de colector de saneamento na Av. Vilagarcía.**

Acórdase aprobar o PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE COLECTOR DE SANEAMENTO NA AV. VILAGARCÍA.

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 48.598,40 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 57.832,09 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **69.976,83 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de UN (1) MES

**11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033801A.**

**Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras do proxecto "Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e acceso ao conxunto parroquial da Barciela" (POS+ 2018 / Adicional 1 / 2ª fase)”.**

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras do proxecto "Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e acceso ao conxunto parroquial da Barciela" (POS+ 2018 / Adicional 1 / 2ª fase)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

**12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00002751L.**

**Rectificación do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado na sesión do 30/01/2023, de contratación da “Autorización para a ocupación de vía pública para colocación de postos de atraccións na Alameda durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2023-2024”.**

Acórdase rectificar o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno do 30/01/2023 da *contratación da Autorización para a ocupación de vía pública para colocación de postos de atraccións na Alameda durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2023-2024*.

O prazo de presentación de ofertas finaliza o 17/03/2023.

**13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00054277D.**

**Corrección de erro no acordo da sesión do 30/01/2023, relativo a “Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas Novas”.**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría de centros socioculturais de data 23/01/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 30/01/2023, relativo a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas Novas, de xeito que:

**Onde di:**

**Segundo.**- *Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 377,14 € para o período do 20/01/2022 ata 31/12/2022 e de 21,02 € para o período 01/01/2023 ata 19/01/2023 que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR, reservándose estas cantidades en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios*

**Debe dicir:**

**Segundo.**- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 377,14 € para o período do **20/01/2023 ata 31/12/2023** e de 21,02 € para o período **01/01/2024 ata 19/01/2024** que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR, reservándose estas cantidades en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

**14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00054767N.**

**Subsanación do erro no acordo da sesión do 06/02/2023, relativo á aprobación do expediente de licitación do “Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción”, consonte o establecido na d.a. 4ª da Lei 9/2.017 de contratos do sector público.**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría da concellaría de facenda, persoal, contratación e modernización da administración local de data 26/01/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 06/02/2023, relativo a relativo a aprobación do expediente de licitación do Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, consonte o establecido na d.a. 4ª da Lei 9/2.017 de contratos do sector público, de xeito que :

**Onde di:**

**Segundo.**- *Aprobar e comprometer o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 2279900, conforme a seguinte anualidade e importe. Anualidade 2023: 50.000,00 €.*

**Debe dicir:**

**Segundo.**- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 2279900, conforme a seguinte anualidade e importe. Anualidade 2023: 50.000,00 €.

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042278Q.**

**Desestimación das alegacións formuladas pola empresa ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN ao expediente de resolución do contrato de execución das obras de “Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF CC na Cañotiera-Outeiro de Marrozos” por inexecución da obra; solicitude de informe preceptivo ao Consello Consultivo de Galicia, e suspensión deste procedemento polo tempo que medie entre a petición do dito informe e a súa emisión.**

Acórdase:

Primeiro: Desestimar as alegacións formuladas pola empresa ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN ao expediente de resolución do contrato de execución das obras “Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF CC na Cañotiera-Outeiro de Marrozos” iniciado mediante Resolución da concelleira delegada de economía e facenda, persoal,

contratación e modernización da Administración local de data 01/11/2022 (Resolución nº 2022/12545) por considerar acreditado o incumprimento da obriga esencial do citado contrato consistente na inexecución da obra por culpa imputable exclusivamente á empresa contratista. Esta resolución conlevaría a incautación da garantía definitiva constituída por importe de 8.497,78 €.

Segundo: Solicitar o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia consonte o establecido no artigo 191.3 da LCSP, con carácter previo á adopción do acordo de resolución do contrato.

Terceiro: Acordar a suspensión deste procedemento polo tempo que medie entre a petición do informe do Consello consultivo e a súa emisión ao amparo do establecido no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045529R.**

**Adxudicación do contrato que ten por obxecto a prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais.**

Acórdase:

- Proceder á subsanación do erro advertido no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 21 de marzo de 2022, no número de partida de xeito que :

Onde di:

*Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 030 34200 2270000 INSTALACIONES DEPORTIVAS LIMPEZA E ASEO*

Debe dicir:

*Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 090 34200 2270000 INSTALACIONES DEPORTIVAS LIMPEZA E ASEO*

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a prestación do Servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por LEXIONELA nas instalacións deportivas municipais á empresa SANIASTUR, SL por un importe total de **48.400 €** (Base impoñible: 40.000 €, IVE do 21%: 8.400 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete como melloras:

- Oferta a maiores dun tratamento por ano de desinfección e desisectación dos edificios deportivos onde se atopan os sistemas de AQS e AFCH obxecto do contrato: 100% dos recintos.
- Oferta a maiores dun tratamento completo de desinfección dos depósitos de auga quente sanitaria, incluída a posterior toma de mostras e analítica de lexionela, a realizar durante o período do contrato: 5 tratamentos de desinfección a maiores.

- Reaxustar e comprometer o gasto de 48.400 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 2270000 INSTALACIONES DEPORTIVAS LIMPEZA E ASEO, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

- Anualidade 2023 (10 meses): 20.166,67 euros.
- Anualidade 2024 (12 meses): 24.200,00 euros.
- Anualidade 2025 (2 meses): 4.033,33 euros.

#### **17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00059537W.**

**Adxudicación do “Servizo de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas do Concello de Santiago de Compostela”.**

Acórdase:

Primeiro: Proceder ao reaxuste das anualidades que figuran no acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de outubro de 2022, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

- 2023 € (9 meses) : 836.829,35 €



- 2024 (12 meses): 1.115.772,46 €
- 2025 (3 meses): 278.943,11 €

Total: 2.231.544,92 €

-Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a prestación do Servizo de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas do Concello de Santiago de Compostela á empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA por un importe total de **1.750.961,08 €** (Base imponible: 1.447.075,27 €, IVE do 21%: 303.885,81 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo compromete como melloras:

- Mellora 1. Bolsa anual de horas sen custo para o Concello:
  - o Servizo de Conserxería: 400 horas.
  - o Servizo de Limpeza: 200 horas.
- Mellora 2. Compromiso de instalación de illas ecolóxicas: 10 illas ecolóxicas.
- Mellora 3. Oferta de horas/ano sen custo de vehículo con conductor: 60 horas.

-Comprometer o gasto de 1.750.961,08 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

- Anualidade 2023 (9 meses): 656.610,41 euros.
- Anualidade 2024 (12 meses): 875.480,54 euros.
- Anualidade 2025 (3 meses): 218.870,13 euros.

#### **18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025346N.**

**Prórroga do contrato de aluguer dun local no barrio de Guadalupe para a realización de actividades socioculturais municipais e da asociación de veciños do barrio, polo período que vai dende o 17 de xuño de 2022 ata o 16 de xuño de 2023.**

Acórdase:

Primeiro.- Convalidar a omisión da función interventora respecto da autorización da prórroga do contrato de aluguer *dun local no barrio de Guadalupe para a realización de actividades socioculturais municipais e da asociación de veciños do barrio* polo período que vai dende o 17 de xuño de 2022 ata o 16 de xuño de 2023.

Segundo.- Recoñecer prorrogado o dito contrato de aluguer polo período que vai dende o 17 de xuño de 2022 ata o 16 de xuño de 2023, data na que finalizará o actual contrato.

Terceiro.- O gasto correspondente a prórroga do contrato por importe de 4.560 € impútase á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR. (AD contabilizado co núm. Operación 220229000259).

Cuarto.- Proceder á revisión do IPC da renda do citado contrato de aluguer, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre maio de 2021 e maio de 2022, que supón un incremento relativo do 8,7 %, con efectos dende o mes de xaneiro de 2023 (mes seguinte a aquel no que foi esixida a revisión polo arrendatario) quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2023 no importe mensual de 341,37 € mais IVE (413,06 €).

Quinto.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente ao incremento do IPC polo importe de 182,93 € (01/01/2023 ata 16/06/2023), que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR.

**19. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00006353X.**

**Aprobación de apertura dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola municipal de música para o curso escolar 2023 – 2024.**

Apróbanse os procedementos e apertura dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2023-2024.

**20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00001918Z.**

**Iniciación do procedemento e aprobación das bases da convocatoria para a concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do Concello de Santiago de Compostela 2023. Marxinal Accede 100002/2023.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria das axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela e a súa convocatoria para o ano 2023, que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto polo importe destinado a esta convocatoria, que é de **15.000 €**, e irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/23.

**21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00002143D.**

**Iniciación de procedemento e aprobación da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela, para o curso 2023/2024.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2023/2024 e que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

SEGUNDO: Aprobar o gasto polo importe destinado a esta convocatoria, que é de **795.000,00 €**, dos cales, 166.569,35 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/23 (contra a que se aboarán as bolsas de comedor e actividades correspondentes os meses de setembro e outubro do 2023, e as bolsas de material escolar) e os 628.430,65 € restantes á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2024 (contra a que se aboarán as bolsas de comedor e actividades correspondentes aos meses de novembro e decembro do 2023 e xaneiro a xuño do 2024).

Non obstante, ditos importes poderán ser incrementados en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, que non requirirá dunha nova convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A efectividade desta contía adicional, queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se fora o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

**22. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00053835T.**

**Solicitud participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña.**

Acórdase:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”.

- Financiamento de investimentos

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación do lugar de Vilamaior (Sabugueira)	391.468,71 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	391.468,71 €
Pavimentación da Rúa das Baleixas (Marrozos)	36.581,35 €	10.650,48 €	0,00 €	10.650,48 €	47.231,83 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	<b>428.050,06 €</b>	<b>10.650,48 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>10.650,48 €</b>	<b>438.700,54 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros	212.718,39 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	212.718,39 €
Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)	65.336,07 €	109.992,05 €	0,00 €	109.992,05 €	175.328,12 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>278.054,46 €</b>	<b>109.992,05 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>109.992,05 €</b>	<b>388.046,51 €</b>



- Resumo

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	0,00 €				0,00 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	428.050,06 €	10.650,48 €	0,00 €	10.650,48 €	438.700,54 €
	Achega 2022	278.054,46 €	109.992,05 €	0,00 €	109.992,05 €	388.046,51 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	0,00 €				0,00 €
D- RESUMO	Achega 2023	428.050,06 €	10.650,48 €	0,00 €	10.650,48 €	438.700,54 €
	Achega 2022	278.054,46 €	109.992,05 €	0,00 €	109.992,05 €	388.046,51 €
	Préstamo 2023	0,00 €				0,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>706.104,52 €</b>	<b>120.642,53 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>120.642,53 €</b>	<b>826.747,05 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles  (mínimo do 25% do total das achegase préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contra  (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible  (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C = A - B) Orzamento subvencionable  (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
Senda peonil travesía Camiño Inglés no lugar de Cortos	135.167,36 €	0,00 €	135.167,36 €
Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I	347.720,85 €	0,00 €	347.720,85 €
Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase II	322.512,48 €	0,00 €	322.512,48 €
<b>TOTAIS</b>	<b>805.400,69 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>805.400,69 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ 2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**23. COMERCIO. Referencia: 2023/00006269H.**

**Desestimación do recurso de reposición interposto por M. E. C. G. contra o acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2020, polo que se resolve a convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola Covid-19, anualidade 2020.**

Acórdase:

Primeiro: Desestimar o citado recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2020 polo que se resolve a convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola Covid-19, anualidade 2020.

Segundo: Notificar esta resolución á persoa interesada.

**24. COMERCIO. Referencia: 2023/00006124B.**

**Desestimación do recurso de reposición interposto por M. J. L. B., en representación de Bonino Zapatos y Complementos SC contra o acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2020, polo que se resolve a convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola Covid-19, anualidade 2020.**

Acórdase:

Primeiro: Desestimar o citado recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2020 polo que se resolve a convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola Covid-19, anualidade 2020.

Segundo: Notificar esta resolución á persoa interesada

**25. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00048484P.**

**Corrección de erros no acordo de 5 de decembro de 2022, relativo á aprobación inicial da subvención solicitada polas persoas que conforman a C.PP. Bispo Diego Peláez 5.**

Advertido erro na redacción do acordo de referencia acórdase proceder á súa rectificación.

**26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00005948L.**

**Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PO 437/2021 CA1.**

Dase conta da Sentenza 455/2022, do 1.12.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. PO 437/2021

Demandante: NOVA RADA GALICIA, SOCIEDAD LIMITADA

Obxecto: Inactividade do Concello na tramitación do expediente de investigación nº 2021/00000737Z, relativo a un camiño en Vite de Arriba, que percorre entre os inmobles sitios nos nº 9, 9A, 9B, 9C, 11, 11A e 11B da rúa de Vite de Arriba, e os nº 15 e 17 da mesma rúa.

A resolución é FAVORABLE aos intereses municipais ao acordar a non admisión do recurso contencioso-administrativo, respecto das peticións do suplico da demanda así como a perda

sobrevida de obxecto procesual respecto da inactividade do Concello no expediente de investigación patrimonial.

Considera a sentenza, respecto da pretensión relativa á inactividade, que o expediente de referencia finalizou coa resolución do 13.09.2022, polo que o recurso carece de obxecto ao respecto.

Verbo das restantes pretensións esgrimidas no suplico da demanda — que se declarase que o camiño litixioso se compón dun sendeiro de carácter público e dunha servidume de paso de carácter privado; se condenase ao Concello a rectificar o Plan Xeral; e se declarase a nulidade da licenza de construción relativa á vivenda sita na rúa de Vite de Arriba, 9B— a sentenza estima as causas de inadmisibilidade esgrimidas polo Concello no escrito de contestación á demanda, tanto a relativa á desviación procesual do suplico en relación co escrito de interposición, como a falta de esgotamento da vía administrativa respecto destas pretensións.

Asemade, a sentenza lembra que as cuestións relativas á propiedade deberán dirimirse perante os órganos da orde xurisdiccional civil.

A sentenza é firme ao non terse interposto recurso de apelación, consonte o declarado pola dilixencia de ordenación do 1.02.2023.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo (Departamento de Patrimonio) aos efectos oportunos

## **27. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00006464Y.**

### **Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 3 ao 9 de febreiro de 2023.

## **URXENCIAS**

### **28. COMERCIO. Referencia. 2023/00004365T**

#### **Aprobación da concesión e xustificación das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no municipio de Santiago de Compostela a través dos bonos Corazón Compostela 2022.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a concesión e xustificación das axudas que aparecen relacionadas na táboa que se achega como anexo a este acordo “Relación de persoas usuarias e consumos realizados”, polo importe que se recolle na columna R “Contía axuda” de dita táboa.

O importe total das axudas ascende a **1.237.091,37 euros**, con cargo á aplicación 010 43100 4890101.

Os fondos foron distribuídos e xustificados pola entidade colaboradora designada, e coa que se asinou o correspondente convenio, Abanca Corporación bancaria S.A. Segundo. Formalizar e aplicar a aplicación orzamentaria 010 43100 4890101 o importe de 12.908,63 euros, que se corresponde co crédito disposto a favor de Abanca Corporación bancaria S.A e non xustificado.

Terceiro. Ante a existencia de ingresos que non se corresponden cunha achega municipal, e que totalizan 2.750,15 euros, formalizar a súa aplicación a outros ingresos.

### **29. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2023/00006301G**

#### **Desestimación do recurso de reposición presentado pola Asociación de Veciños Río Sarela da Peregrina, contra o acordo do 29 de decembro de 2022, relativo á aprobación da xustificación das subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022.**

Acórdase:

Primeiro. Desestimar o recurso de reposición presentado por don J. A.D. V. en representación da Asociación de Veciños Río Sarela da Peregrina, contra o acordo de aprobación da xustificación das subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de

programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022 adoptado pola Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2022.

Segundo. Notificar este acordo a don J. A.D. V., como presidente e representante da Asociación de Veciños Río Sarela da Peregrina, indicándolle que contra a mesma poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte da notificación, de conformidade co establecido nos artigos 46 e 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

### **30. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2022/00051551Q**

**Aprobación do proxecto construtivo revisado de “Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 1 (t.m. de Santiago de Compostela)”, segundo informe supervisión da Deputación.**

Apróbase o proxecto construtivo de “Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 1 (t.m. de Santiago de Compostela)”, de novembro de 2022 e asinado con data 10/02/2023, e que ten as seguintes características:

☑ Orzamento das obras: 658.484,78 € + 138.281,80 € de IVE (21%) = **796.766,58 €.**

☑ Prazo de execución: 6 meses.